



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Advo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza e a Asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra- Aspanaex*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 21 de febreiro de 2020

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA- ASPANAEX- PARA A REFORMA DUN EDIFICIO PARA USO RESIDENCIAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA CIDADE DE VIGO

1.- De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia configúrase como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, no artigo 22 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Dirección Xeral de Administración Local, integrada na estrutura desta Consellería, contribuirá á cohesión territorial e a equilibrar as disparidades no desenvolvemento socioeconómico de Galicia, mitigando os desequilibrios entre o medio rural e urbano, o interior e a costa e contribuíndo á fixación de poboación, mediante a redución de diverxencias. Neste sentido, a existencia de asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para as entidades locais non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública. A maior abastanza, e dado o carácter limitado dos recursos locais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais é a través de axudas desde a Administración Autonómica.

2.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias está a desenvolver diferentes programas e accións encamiñadas a lograr o efectivo achegamento da Administración aos cidadáns. Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións dedicadas a proporcionar apoio e prestar determinados servizos aos cidadáns carentes da capacidade para facer fronte ás súas necesidades persoais.

A Constitución Española establece no seu artigo 9.2 que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan efectivas.





O Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social establece no seu artigo 22 que as persoas con discapacidade teñen dereito a vivir de forma independente e a participar plenamente en todos os aspectos da vida. Para iso, os poderes públicos adoptarán as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas contornas, procesos, bens, produtos e servizos, o transporte a información e as comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións, así como os medios de comunicación social e noutros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas como rurais.

ASPANAEX, é unha asociación con 56 anos dedicados á atención de persoas con discapacidade intelectual e as súas familias. Está inscrita no Rexistro provincial de asociacións de Pontevedra co número 1966-46-1 e no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-47. Esta asociación ten como ámbito territorial propio a provincia de Pontevedra e entre as súas finalidades estatutarias están promover a integración social das persoas con discapacidade intelectual, así coma os servizos educativos, asistenciais, laborais, residenciais e sociais necesarios e adecuados para acadar a plena inclusión e óptima calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, promovendo a pluralidade e o respecto á diferenza.

ASPANEX manifesta que nos últimos 10 anos, ao non dispor a asociación do servizo de residencia nin existir prazas dispoñibles en ningunha outra entidade da cidade, nin da provincia de Pontevedra, as persoas con discapacidade intelectual que precisaban unha praza de residencia, tiveron que ser derivados a centros situados fóra da cidade de Vigo e incluso a outras provincias, ocasionando un desarraigo total da persoa co seu entorno, xa que perde a relación afectiva coa súa familia e amigos, tan importante para calquera persoa.

Ante esta situación, ASPANAEX xestiona e tramita diferentes alternativas, resultando aceptada en febreiro de 2017 a cesión por parte da Tesorería General de la Seguridad Social do inmovible sito na rúa Porriño, número 5 en Vigo (coñecido como Centro de Especialidades de Coia), cuxa rehabilitación cubriría as necesidades para construír aí unha residencia. A entidade ASPANAEX obtivo a cesión do uso deste inmovible patrimonial ata o ano 2047. O centro dispón de 3.923 m², distribuídos en soto e tres plantas sobre rasante e considérase idóneo, polo seu tamaño e





ubicación, para destinalo, previa adaptación do mesmo, á residencia de persoas con discapacidade, obxecto de este convenio.

A posta en marcha desta residencia en Vigo permite mitigar a carencia de prazas residencias xa que supón un aumento de 58 prazas, das cales 34 serían para persoas con grandes necesidades de apoio e 24 para as que teñan maior autonomía.

3.- Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual da Provincia de Pontevedra – ASPANAEX, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2020.

4.- O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación ASPANAEX para as obras de rehabilitación e reforma dun antigo ambulatorio, sito na rúa Porriño, 5 de Vigo, para uso de residencia de persoas con discapacidade intelectual, que se realicen durante o ano 2020.

5.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual da Provincia de Pontevedra – ASPANAEX no desenvolvemento destas actividades.

En atención ao exposto, e vista a especificidade do programa a desenvolver, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados no convenio de colaboración, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará mediante a achega do 5% do orzamento que se execute no ano 2020, sen que en ningún caso





esta achega supere os CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, para a realización das actuacións que se desenvolverán no ano 2020, de conformidade coa desagregación que se reflicte no orzamento anexo ao convenio.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2-a), da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia.

Na cláusula terceira do convenio recollese o réxime de xustificación e libramento dos fondos. A achega económica da Consellería realizarase de acordo co previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2020

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

